

Coplas pola Igualdade

Os maíos xa chegaron
con moita alegría;
temos que prepararnos
para o gran día.

Para o gran día
imos facer un maio,
cantaremos coplas
e faremos ensaios.

Faremos ensaios
unha e outra vez
para ás nosas avoas
poder sorprender.

Poder sorprender
coa nosa reivindicación
a todas as mulleres
para que canten esta canción.

Para que canten esta canción
ao ritmo das nosas coplas
e que as nosas avoas
se sintan poderosas.

Que se sintan poderosas
iso é o que queremos;
que se unan á revolución
que no Irmáns Villar facemos.

Que no Irmáns Villar facemos
con moita ilusión
todos os anos
nas nosas celebracións.

Nas nosas celebracións
pedimos que as mulleres
non sufran violencia
e deixen as culleres.

E deixen as culleres
e deixen a cociña;
que rompan as fronteiras
e crucen a liña.

E crucen a liña
porque son poderosas;
e ensinámoslle isto
a todas as mozas.

A todas as mozas
hai que animalas
para que se ergan
e as as despregalas.

E as as despregalas
para querer libremente
e reventar as cadeas
que o mundo ten en mente.

Que o mundo ten en mente
dende tempos afastados;
e por iso rematamos
estas coplas protestando.

Estas coplas protestando
e pedindo a todo o mundo
que os dereitos das mulleres
sexan respectados.

Alumnado de 5^o de Ed. Primaria